



CONCURSO
DE TRABALLOS
POR PROXECTOS

Proxecto

KPACES

Modalidade 3
Proxecto Competencial

Biblio Poeta Díaz Castro



Índice.

A. Xustificación do proxecto.

B. Obxecto ou temática de investigación propostos.

C. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

C.1* Unidades didácticas do proxecto.

C.2* Determinación dos espazos.

D. Documentación elaborada para profesorado e alumnado e membros da comunidade educativa.

E. Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

F. Recursos utilizados así como unha enumeración das principais fontes consultadas.

G. Implicación da comunidade educativa no seu caso.

H. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

I. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias claves do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

J. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

Anexo I. Acceso temporal á carpeta de materi

A. Xustificación do Proxecto KPACES.

Somos conscientes de que vivimos en tempos de cambios continuos, de inseguridade e incerteza, asolagados ás veces pola falta de motivación, percibiamos que o alumnado non lle atopaba o peso e sentido ao que aprendía nas aulas, que non eran conscientes das competencias que ían adquirindo e menos aínda das que podían chegar a acadar.

Ademais, tras estes dous anos de pandemia, estabamos tamén preocupados pola xente máis maior do concello, a raíz dunha investigación por medio das entrevistas no pobo: na súa biblioteca, a familias, cafés de encontro da veciñanza, falando cos máis maiores na casa. A vida dos máis maiores cambiara moito, provocando en moitos casos tristeza e illamento que deixaron atrás as súas rutinas sociais (conversas comentando a prensa no café, asistir ás actividades da biblioteca do concello...). Por todo isto tiñamos especial interese en botar unha man. Así naceu KPACES, un proxecto que xorde da necesidade de recuperar a vida e a sensación de pertencer a unha comunidade.

Preguntabámonos como recuperar a confianza, aprender uns dos outros a través de actividades organizadas desde a biblioteca, mellorar as actitudes conscientes e responsables do alumnado, adquirindo novos retos persoais e grupais e aproveitar os innumerables beneficios que ten traballar en colaboración coa xente máis maior.

Pensamos que a través da materia de Proxecto Competencial e coa axuda doutros departamentos, tiñamos a posibilidade de dar visibilidade á biblioteca do instituto e ampliar redes de comunicación fóra do centro. Reforzar a imaxe da biblioteca como espazo de encontro, para todos e todas, xente nova ou maior, promovendo actividades organizadas polo alumnado co propósito de aprender e compartir experiencias entre diferentes xeracións e facer un equipo único; o equipo KPACES, no que a veciñanza mais nova ou maior enriquecerían as súa vida, coa sabedoría, coñecementos e

experiencias compartidas en comunidade. Unha aprendizaxe con gran contido emocional que axudaría a ser conscientes do que somos capaces e do que podemos chegar a ser.

B. Obxecto ou temática de investigación propostos. Organización e acordos para a activación do proxecto.

A idea clave, desde o punto de vista didáctico, era potenciar a aprendizaxe de carácter significativo, en base a experiencias sociais, fóra do centro, axudando ao alumnado a avanzar na súa formación social como individuos activos, conectando coas familias e veciñanza. A materia de Proxecto Competencial, presentou ao claustro a proposta dunha programación, que foi aceptada con entusiasmo . En nome da biblioteca do Poeta Díaz Castro; convocamos unha reunión no Concello de Guitiriz para presentar o proxecto á alcaldesa Marisol Morandeira; nunha xuntanza con Ana Pérez, coordinadora da Biblioteca do Concello " Casa Habanera" e María Vázquez, responsable no centro de día " Casa Capataz". Nesa reunión, a idea do proxecto, foi aceptada con ilusión, polo que acordamos traballar de forma cooperativa. Deste xeito, comprometiámonos a favorecer que ámbolos dous grupos de xeracións, se beneficiasen desta experiencia. Ademais estabamos abrindo a biblioteca escolar á toda a comunidade e fortalecendo as redes entre a nosa biblioteca e a do Concello de Guitiriz, xunto coa comunidade de veciños e veciñas cos que traballariamos, nas diferentes unidades didácticas propostas.

Realizada a entrevista inicial, procedemos ao estudo dos espazos e a análise dos materias e recursos dos que dispoñemos. Deseñamos pautas de actuación e establecemos as canles de comunicación cos organismos, entidades e axentes

participantes externos ao instituto. Recollemos propostas e fixemos unha avaliación continua das actuacións tras cada encontro, con alumnado, profesorado e resto de membros implicados, tendo en conta os aspectos a mellorar e obxectivos acadados positivamente en cada intervención.

O alumnado foi o encargado de deseñar os pasos de cada actuación, aproveitando os encontros para dar visibilidade á biblioteca escolar e os recursos que ten dispoñibles para toda a comunidade. Adquirir novas competencias fóra da aula, cambiar formas de intervir, para conseguir un bo ambiente de traballo entre dúas xeracións aparentemente distantes, que descubrirán ao longo do curso, que teñen máis en común do que nunca imaxinaron.

C. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta. Unidades didácticas do Proxecto KPACES.

C.1* Proposta de Unidades Didácticas presentadas á comunidade.

UD1. E ti, de quen ves sendo? Unidade didáctica para falar, coñecernos, expresar as necesidades que temos e mostrar o que un día fomos, ou o que queremos chegar a ser. Encontros iniciais, conversas e lecturas compartidas: "*Eu son Elvira, un relato sobre o bo trato as persoas maiores*", de Ana Fernández, Minerva Naya e Ximena Campos.

Alumnado participante: 1º ESO Proxecto Competencial, 1º de Bacharelato en Libre Disposición de Centro, 4º ESO (Valores éticos). Accións acadadas co grupo piloto no centro de día "Casa Capataz" para dar os primeiros pasos.

UD2. "Iso si que era música". Unidade didáctica dedicada á escoita e aprendizaxe de temas musicais asociados á vidas dos nosos compañeiros e compañeiras maiores do

proxecto. Vivimos en primeira persoa como a música consegue facelos falar, sorrir, emocionarse, lembrar e mesmo contar historias sorprendentes. Colaboran en 3º da ESO; o alumnado de Música e 3º ESO Proxecto competencial, comparten a información co resto de grupos implicados.

UD3. "Lecturas compartidas. Eses relatos e cartas aínda por escribir. Encontros vinculados a recursos bibliográficos ou talleres de creación escrita, para coñecer aos novos membros do equipo da comunidade. Proposta de lecturas que irá vinculada a actos conmemorativos ou temas de interese para á veciñanza. O modo en que nos comunicamos: as que aprenderon a escribir e as que nunca escribiron. Conversas e novas propostas tras as lecturas.

UD4. "Agora si que...".Unidade didáctica vinculada a creación de traballos artísticos cooperativos entre os adolescentes e os maiores. (Cancións, relatos, fragmentos teatrais, comedia, improvisacións instrumentais, exercicios rítmicos e psicomotricidade corporal.). 3º ESO e Bacharelato. Investigación, estudo e interpretación de temas musicais clásicos daqueles tempos.

UD5." O meu lado bo". Taller de creación audiovisual e recollida documental dos traballos que se van elaborando nas diferentes intervencións do equipo KPACES e que serán recollidos no blog da biblioteca Poeta Díaz Castro e na canle de YouTube Biblio Poeta Díaz Castro. Difusión nas redes: Facebook e Instagram.

UD6."Son KPAZ". Taller de gravación de podcast e emisión de radio. A creación da **"Radio Fábrica de Poetas"** polo grupo de 1º ESO Proxecto Competencial. Difundindo novas e poesía con moita alegría para a veciñanza. Intervencións desde a zona de radio da biblioteca e fóra do estudo de radio, na rúa coa veciñanza. Directos nos locais IX Concurso de Traballos por Proxectos. Biblioteca Poeta Díaz Castro. Proxecto KPACES

frecuentados, conversas de agora e antes. Seguimento das acción dos compañeiros e compañeiras doutros niveis. Preparación de recursos na zona de encadernación e plastificado da biblioteca.

UD7. A tempo de facelo". Actividade cooperativa e de empatía social, para axudar a alcanzar os soños non acadados noutras etapas da vida. Creación e interpretación dunha obra artística ou micro proxecto, de forma conxunta no último trimestre, que axude aos compañeiros e compañeiras de KPACES a acadar soños non acadados noutras etapas da vida.

UD8. Feira de Proxectos. Presentación dos materiais recollidos e valoración do traballo realizado ao longo do curso. Alumnado do equipo de radio de 1º Proxecto Competencial.

C.2*Determinación dos espazos: lugares nos que realizar as actividades e intervencións do alumnado cos maiores: Biblioteca Poeta Díaz Castro, Centro de Día "Casa Capataz", Biblioteca "Casa Habanera" e "Café Avenida".

D .Documentación elaborada para profesorado e alumnado e membros da comunidade educativa.

Táboa de organización de actividades e tarefas:

Grupos participantes e profesorado implicado no instituto.	
Reparto de tarefas e funcións dos membros da comunidade.	
Biblioteca Poeta Díaz Castro: centro de coordinación de actividades.	
Punto de encontro para avaliacións da evolución do proxecto e reunión de participantes para organizar o traballo cooperativo do grupo.	
Cursos, grupos e profesorado responsable.	Funcións determinadas:

IX Concurso de Traballos por Proxectos. Biblioteca Poeta Díaz Castro. Proxecto KPACES

1º ESO Proxecto Competencial. 3º ESO Proxecto Competencial, 1º de Bacharelato Libre Disposición de Centro. Profesora coordinadora do proxecto KPACES: Sandra Tenreiro.	- Organización e proposta da programación e Unidades Didácticas. - Coordinador@s e guías nas actividades cos compañeiros e compañeiras fóra do centro.
1º ESO. Materias: Lingua Galega e Lingua Castelá. Profesoras colaboradoras no proxecto e coordinadoras dos obradoiros: Ana Fernández e Lucía Campañó.	- Visita ás exposicións e encontro cos artistas veteranos e veteranas na Biblioteca "Casa Habanera". - Obradoiros de lectura e creación de relatos, entrevistas e lecturas, vinculados as exposicións de escultura, fotografía e debuxo.
3º ESO A e B e 1º de Bacharelato. Materias: Música e Linguaxe e Práctica Musical. Profesora de música: Sandra Tenreiro..	- Estudo e traballo de investigación musical en relación aos temas que solicita o grupo de maiores nos encontros. - Preparación de temas musicais na aula de música, que serán interpretados nos encontros que celebramos durante o curso. - Intérpretes do espectáculo teatral musical "Entre Lusco e Fusco", levado a cabo co Grupo de Memoria na Biblioteca Casa Habanera. - Traballo de interpretación musical e rítmica cos maiores do Centro de día "Casa Capataz".
4º ESO. Materia: Valores Éticos. Profesora: Lucía Campañó.	- Colaboración cos grupos de 3º e Bacharelato, como guías para dinamizar nos encontros as lecturas compartidas, invitando á participación nas conversas do grupo e xestión e organización das actividades.
Grupos de participantes e outros axentes implicados de fóra do centro:	
Biblioteca " Casa Habanera". Coordinadora: Ana Pérez.	-Organización e dinamización de actividades en coordinación co equipo da Biblioteca Poeta Díaz Castro.

<i>Grupo de Memoria de Guitiriz.</i> Coordinadora: Rocío Fanego.	-Presentación e información do calendario de actividades no que podemos intervir. -Vinculo co Grupo de Memoria de Guitiriz para os acordos en relación ás actividades.
Centro de día " <i>Casa Capataz</i> ". Coordinadora: Ana Vázquez.	Protocolos de actuación e organización de actividades cos usuarios e usuarias da "Casa Capataz". Valoración das propostas feitas desde a Biblioteca do IES Poeta Díaz Castro. Aprobación das intervencións cos maiores do centro de día.
Concello de Guitiriz.	Axuda na loxística prestando o servizo de transporte coa furgoneta do Concello para levar alumnado ou material aos puntos de encontro.

E. Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

A recollida documental destas actividades pode visualizarse na lista de reprodución

[Proxecto KPACES](#) na canle de Youtube da biblioteca ou como [exposición fotográfica neste enlace](#).

F. Recursos e fontes utilizadas para a realización do proxecto.

[Neste enlace](#) recolleemos os recursos principais das actividades levadas a cabo polo equipo KPACES. O obxectivo era dinamizar recursos da biblioteca entre o alumnado do centro, abrindo a biblioteca á comunidade. Destacamos a dinamización da poesía e o álbum ilustrado. Tamén quixemos dar a coñecer e dinamizar os recursos a través de:

[E-lbe2Xunta, catálogo da nosa biblioteca](#) e catálogo da [biblioteca " Casa Habanera"](#) e as páxinas ou [redes sociais](#) ás que conectarse, para estar ao día das actividades socio

culturais do concello coa finalidade de que se aproveiten os recursos e exposicións que poden tamén disfrutarse na biblioteca do concello.

G. Implicación da comunidade educativa.

Como se ve na recollida documental das actividades, a implicación da comunidade foi intensa, todos os grupos participaron activamente e a comunicación foi fluída, entre os diferentes axentes protagonistas do proxecto. A maiores e en relación coa comunidade, deixamos constancia da relación do Proxecto KPACES con outros programas e proxectos do centro:

Proxecto o Programa/ Formación.	Grupo	Tarefa de colaboración	Actividade relacionada.
Proxecto Anual de Centro: "Slow Life"	Todos	Traballar en todo o proxecto desde a calma e a paciencia que nos ensinan @s compañeir@s maiores do equipo.	Todas as actividades invitan á calma, á reflexión e a utilizar ferramentas para respectar os tempos de espera nas accións da vida cotiá.
Polos Creativos	1º ESO Proxecto Competencial	Nace a "Radio Fábrica de Poetas". KPACES	Abrir á comunidade a biblioteca a través dun programa de radio, con carácter poético e contido de interese para a veciñanza.
Polos Creativos.	3º ESO Proxecto Competencial.	Desenvolvemento das tarefas para os obradoiros de traballo do equipo KPACES.	Obradoiros dirixidos polo alumnado cos grupos de maiores. Fomento da actividade e de creatividade a través da superación de retos e actuacións cos grupos de maiores fóra do centro. Tratamento da información e produción. Traballo con cultura impresa e dixital.
Benestar e Convivencia.	1º ESO e 3º Prox. Competencial. 1º Bacharelato. (L.D.C e Música)	Actividades realizadas ao longo do curso co Equipo KPACES. Mellora das relacións e convivencia con familiares e amigos.	Todas as actividades do Proxecto KPACES van nesta dirección. Favorecen a integración de participantes no valor social da vida cotiá: O respecto, a atención á diversidade e a empatía entre grupos de persoas diferentes. O control das emocións e a resolución de imprevistos nas actuacións planificadas.

Contrato Programa; Iguala-T	Equipo KPACES/ todos os niveis.	Coidado na elaboración dos textos e guións das intervencións.	Todas as actividades foron expostas e dinamizadas a través do uso dunha linguaxe inclusiva, atendendo as necesidades de cada grupo co que se traballaba. Fomentando a igualdade e o respecto.
Contrato Programa Inclúe	Equipo KPACES Todos os niveis e grupos.	A lectura, a música e o teatro, ferramentas para traballar a inclusión.	O proceso de adaptación de textos e selección de lecturas sobre os que se traballou, foi realizado con este carácter de inclusión. As medidas de atención a diversidade dos grupos cos que traballamos fóra e dentro do centro, foi un dos puntos nos que se verteu moito interese e delicadeza, para que ningún quedase excluído das actividades do proxecto.
PFPP. Xestión Emocional.	Equipo KPACES. Tódolos grupos e niveis.	A carga emocional das actividades realizadas ten un importante peso no proxecto. As emocións foron parte esencial das actividades realizadas ao longo do curso.	A xestión emocional dentro e fóra da aula. Recoñecer as emocións propias e alleas. Activar a empatía cos compañeiros e compañeiras de diferentes características e trazos persoais. Axuda emocional a persoas vulnerables da nosa contorna. As novas emocións ao adquirir responsabilidades fóra do ámbito educativo.
Proxecto "Terra".	Tódolos grupos e niveis.	Coñecer a xente, os espazos e os lugares. Acadar mellores condicións de vida para tódalas persoas como obxectivo fundamental de Dereito ao Hábitat.	Percibir a comunidade e sentirse membro activo dela. As bibliotecas como centro de conexión de diferentes xeracións, lugares nos que aprender colaborativamente e reforzarse como cidadáns formados en tódolos ámbitos.

H. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

A recollida documental das actividades destacadas, foi exposta de forma aberta á comunidade a través das publicacións na canle de [Youtube: Biblio Poeta Díaz Castro](#), [Facebook A lus do mundo](#) e [Facebook IesDiazCastro](#), Instagram e [A lus do mundo](#)

[Feira de Proxectos.](#) Ademais disto, [o club de lectura de adultos](#) tamén foi unha canle persoal de difusión e conversas en relación as accións neste proxecto.

Para axilizar o proceso e tomas de decisións con parte do equipo e coordinadores externos, mantivemos comunicación a través das contas de correo electrónico e de forma informal por grupos de *Whatsapp*, garantindo que os acordos e novas chegasen a tempo e as incidencias se resolvesen sen demora. Enlaces de interese:

[Blog Biblio Poeta Díaz Castro.](#)

[Canle de YouTube da Biblio Poeta Díaz Castro.](#)

[Facebook A lus do mundo.](#)

[Facebook IesDíazCastro](#)

[Instagram A lus do mundo](#)

[Soundcloud.](#)

I. Avaliación realizada en relación aos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

A avaliación do proxecto KPACES, levouse a cabo en relación aos bloques de contidos determinados no [currículo](#). En función dos criterios de avaliación de cada bloque, creáronse rúbricas en atención aos descritores de cada competencia. En cada unidade didáctica, distribuímos as competencias a traballar e avaliar.

Proxecto Competencial. Unidades didácticas		UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	UD7	UD8	Competencias
Bloque 1. Definición de proxectos. Criterios de avaliación.	OBX1									CCL1 CD1 CPSAP1-5 CC3 CE1-2-3
*CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar	OBX1	*	*							

*CA1.2. Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	OBX1	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA1.3. Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	OBX1	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA1.4. Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	OBX1	*	*	*			*		*	
*CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	OBX1	*	*	*	*		*	*		
Unidades didácticas		UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	UD7	UD8	Competencias
Bloque 2. Execución de Proxectos. Criterios de avaliación.	OBX2									CCL 1-3 STEAM 5 CD-3 CPSAA 1-3 CC 2 CE 3
*CA2.1.Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista.	OBX2	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	OBX2	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA2.3 Empregar os recursos previstos para a execución das actuacións.	OBX2	*	*	*	*	*	*	*	*	
* CA2.4. Resolver ou comunicar as incidencias xurdidas durante as actuacións.	OBX2	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	OBX2	*	*	*	*	*	*	*	*	
Unidades didácticas.		UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	UD7	UD8	Competencias
Bloque 3. Presentación de proxectos. Criterios de avaliación.	OBX3									CCL 1-5 CP 3 STEM 3 CD 2-3 CPSAA 1-3 CCEC 3-4

*CA3.1 Presentar o proxecto realizado e , de ser o caso, os produtos finais obtidos.	OBX3					*			*	
*CA3.2 Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3	*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA3.3 Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.		*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA3.4 Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		*	*	*	*	*	*	*	*	
*CA3.5 Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.						*			*	

A avaliación do proxecto durante o proceso, foi continua, atendendo especialmente ao traballo cos grupos mais vulnerables dentro do equipo. De forma unánime, resultou moi positiva tanto por parte dos axentes colaboradores fóra do centro, familias e veciñanza, como polo alumnado e profesorado. Por todo isto, acordouse no claustro de final de curso darlle continuidade e expansión ao proxecto con novas propostas que se iniciarán o vindeiro curso noutros grupos, polos beneficios obtidos no desenvolvemento e mellora de competencias da comunidade educativa.

J. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A biblioteca é o fío condutor do proxecto, unha liña continua en expansión creando afinidades e redes dentro e fóra do centro escolar. A súa presenza foi imprescindible, sendo ese organismo vivo que medra en cada unha das accións. Os obxectivos xerais acadados en relación as súas funcións foron os seguintes:

- Abrir a biblioteca á comunidade e darlle visibilidade fóra do centro a través das actividades que o alumnado realice coa veciñanza e familias.
- Ampliar e consolidar as redes de cooperación coas bibliotecas e asociacións culturais do concello, garantindo o acceso aos bens culturais, exercendo como axentes de compensación social.
- Fomentar a empatía e a xestión emocional a través das lecturas compartidas e actividades vinculadas a estas, reforzando os plans de lectura do centro.
- Reforzar a idea da biblioteca como lugar de encontro, apoio social e espazo para levar a cabo proxectos conxuntos entre o alumnado e a veciñanza, facilitando a comunicación, a creatividade e aprendizaxes de carácter cooperativo.
- Entender a biblioteca como un lugar de socialización e acollida para todos e todas, independentemente da idade, xénero e outros condicionantes sociais, preservando o carácter inclusivo e diverso deste espazo.
- Desfrutar da aprendizaxe en comunidade, traballando de forma multidisciplinar en propostas feitas de forma individual ou grupal por calquera membro do equipo, consolidándonos como centro de lectura, información e aprendizaxe, fomentando a alfabetización múltiple.
- Respetar e consolidar a ruta de accións propostas pola Axenda 2030; ODS 4: Educación de calidade, ODS 11; Cidades e comunidades sostibles, ODS 17: Alianzas para lograr os obxectivos.

Anexo I. [Acceso temporal á carpeta de documentación audiovisual do Proxecto](#)

[KPACES.](#)

IX Concurso de Traballos por Proxectos. Biblioteca Poeta Díaz Castro. Proxecto KPACES

Coordinadora responsable do proxecto.

Sandra María Tenreiro Doldán.

Biblioteca Poeta Díaz Castro.

IES Poeta Díaz Castro.

PLAMBE 2006/07

Guitiriz.



CONCURSO
DE TRABALLOS
POR PROXECTOS

